



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**  
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

## **CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS POR PARTE DE ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE ÁMBITO MUNICIPAL EXERCICIO 2018**

### **Base 1. Obxecto**

A finalidade desta convocatoria é apoiar a dinamización sociocultural promovida por entidades e asociacións rexistradas no Concello de Cedeira. Máis concretamente, os fondos adxudicados están destinados a financiar:

- Programas e actividades musicais.
- Programas e actividades teatrais.
- Programas e actividades museísticas.
- Outros programas e actividades socioculturais.

### **Base 2. Beneficiarios**

Poderán participar nesta convocatoria as entidades e asociacións con personalidade xurídica propia, sen ánimo de lucro e que desenvolvan programas e actividades vinculadas á área sociocultural.

#### **2.1. Requisitos**

- Estar inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Cedeira.
- Ter os estatutos adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
- Non contravir o regulado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Se é o caso, ter debidamente xustificadas as subvencións concedidas polo Concello de Cedeira en anos anteriores.
- Non ter obrigas tributarias pendentes co Concello de Cedeira, a Administración da Facenda ou a Seguridade Social.
- Cumprir todo o estipulado nesta convocatoria.

### **Base 3. Solicitudes**

#### **3.1. Forma, lugar e prazo para a presentación das solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da Base Nacional de Datos de Subvencións.

As instancias presentaranse na sede electrónica do Concello de Cedeira (<https://sede.cedeira.es>), de acordo co establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As instancias poden incluír varios programas ou actividades, pero só se admitirá unha solicitude por entidade ou asociación.

#### **3.2. Documentación requirida**

- Instancia, segundo o modelo oficial (anexo I), asinada pola persoa que ocupe a presidencia da asociación ou un cargo equivalente.
- Declaración responsable, segundo o modelo oficial (anexo II), asinada pola persoa que ocupe a presidencia da entidade ou asociación ou un cargo equivalente.
- Declaración responsable da persoa asinante da solicitude na que indique se solicitou doutro organismo algunha subvención para o desenvolvemento de programas e actividades socioculturais, a contía e se foron concedidas ou están pendentes de resolución.
- Proxecto do programa ou actividade que se vai realizar. Debe incluír os seguintes puntos:
  - Obxectivos.
  - Temporalización e localización.
  - Número de posibles persoas beneficiarias.
  - Recursos humanos necesarios para o desenvolvemento do programa ou actividade.
  - Recursos materiais necesarios para o desenvolvemento do programa ou actividade.
  - Especificación do financiamento propio.
  - Orzamento de execución detallado.
- Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante.
- Fotocopia do CIF da entidade ou asociación.



#### Base 4. Criterios de avaliación

1. Financiamento propio respecto do gasto total: ata 20 puntos.

Porcentaxe da contribución propia	Puntos
Entre o 10% e o 20%	10
Entre o 20% e o 30%	15
Máis do 30%	20

2. Compromiso de colaboración coas actividades e eventos que desenvolva o Concello: 5 puntos.

3. Fomento da paridade: máximo 20 puntos.

Porcentaxe de mulleres na entidade ou asociación	Puntos
Entre o 10% e o 20%	5
Entre o 20% e o 30%	10
Entre o 30% e o 40%	15
Máis do 40%	20

4. Compromiso co emprego da lingua galega no programa ou actividade obxecto de subvención, así como na súa difusión pública: 10 puntos.

5. Rexistro na rede galega de museos: 10 puntos.

6. Desenvolvemento de programas e actividades dirixidas só a persoas con discapacidade: 10 puntos.

7. Mantemento de local que non sexa propiedade municipal: 10 puntos.

8. Actividades nas parroquias de ámbito rural: 10 puntos.

9. Número de persoas asociadas: ata 20 puntos.

Integrantes da asociación	Puntos
Menos de 10	5
Entre 11 e 20	10
Entre 21 e 30	15
Máis de 31	20

10. Actuacións, exposicións, cursos, actividades, excursións e publicacións ao longo do ano: ata 20 puntos.

Número de actividades	Puntos
Entre 1 e 5	10
Máis de 5	20

11. Actividades que esixan desprazamento: 2 puntos por actividade (máximo 10 puntos).

12. Actividades que requiran a contratación de persoal: 10 puntos por mes (máximo 60 puntos).

13. Antigüidade da asociación (segundo a data de constitución): máximo 15 puntos.

Antigüidade	Puntos
Ata 2 anos	5
Entre 3 e 5 anos	10
Máis de 5 anos	15

#### Base 5. Importe

As subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación 341.489.00 do orzamento municipal do Concello de Cedeira para o exercicio 2018. O orzamento total da convocatoria é de 30.000 euros. A contía máxima da



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

subvención para cada entidade beneficiaria será de 3.000 euros. O importe da subvención non poderá superar o 80% do orzamento de execución para o desenvolvemento do programa ou actividade.

O importe da subvención que se conceda a cada entidade ou asociación será o resultado de aplicar o seguinte reparto:

Valoración	Porcentaxe gasto	MÁXIMO
Entre 40 e 50 puntos	60% do gasto previsto ou executado	3.000,00 €
Entre 51 e 60 puntos	70% do gasto previsto ou executado	3.000,00 €
Máis de 61 puntos	80% do gasto previsto ou executado	3.000,00 €

Para obter a subvención deberá acadarse un mínimo de 40 puntos entre os criterios de avaliación do punto anterior. Entre as solicitudes que superen o umbral anterior, distribuirase proporcionalmente o total da subvención en función da totalidade dos puntos obtidos polos devanditos participantes, tendo en conta os límites da presente base. Poderanse facer abonos anticipados da totalidade do importe subvencionado nos casos en que o obxecto subvencionable sexa o pagamento de salarios a persoal contratado.

### 5.1. Gastos subvencionables

- Compra de trofeos.
- Compra de material non inventariable ou funxible (importe unitario inferior a 100 euros). Non serán xustificables os gastos de investimento.
- Gastos de desprazamentos necesarios para a participación en eventos (transporte, aloxamento e manutención).
- Gastos de alugamento de locais e materiais.
- Nóminas do persoal e seguridade social, cos requisitos legais.
- Gastos de mantemento e funcionamento da entidade solicitante (teléfono e internet, enerxía eléctrica, auga e saneamento, material de oficina funxible, administración e outros directamente relacionados coa súa actividade).
- Carteis, impresos, pancartas, publicidade en medios de comunicación para a divulgación das actividades da entidade ou asociación.
- Seguros (de responsabilidade civil, do local etcétera).

### 5.2. Gastos non subvencionables

- Intereses debedores de contas bancarias.
- Sancións administrativas e penais, así como intereses e recargas que se poidan derivar das mesmas.
- Gastos de procedementos xudiciais.
- Gastos derivados de celebracións gastronómicas particulares das entidades ou asociacións (xantares, ceas, pinchos etcétera).
- Gastos pola adquisición de elementos inventariables.
- Gastos pola adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, así como tabaco ou outros produtos considerados lesivos para a saúde. Non se terá en conta na súa totalidade a factura ou xustificante de gasto que conteña algún destes conceptos.
- Gastos que contraveñan o disposto no artigo 68 do RD 887/2006 e no artigo 29.7-d da Lei xeral de subvencións.

### 5.3. Exclusión

Serán excluídos aqueles programas ou actividades en que se inclúa algunha das seguintes accións:

- Promoción ou xustificación de calquera forma de discriminación por razón de raza, sexo, relixión ou calquera outra que atente contra os dereitos fundamentais da persoa.
- Fomento ou apoloxía, directa ou indirecta, do uso de drogas, alcohol ou tabaco.

### Base 6. Réxime de compatibilidade

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos procedentes de calquera outra administración e que teñan a mesma finalidade, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo das actividades.

As entidades ou asociacións que reciban subvención están obrigadas a facilitar os datos que lles sexan solicitados polo Concello.

As entidades ou asociacións que teñan un convenio co Concello ou unha subvención nominativa do mesmo, así como as comisións de festas e as entidades, clubs ou asociacións deportivas non poderán participar nesta convocatoria.

### Base 7. Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Nomearase unha Comisión de Valoración que impulsará de oficio a realización de cantas actuacións sexan necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se formulará a proposta de resolución.

As solicitudes serán obxecto dunha avaliación en que se verificará o cumprimento das condicións para adquirir a condición de beneficiario da subvención.

A Comisión de Valoración estará composta pola titular da Concellería de Cultura, pola AEDL e por un representante dos Servizos Económicos municipais.

A Xunta de Goberno Local acordará a concesión ou denegación das subvencións a proposta da Comisión de Valoración e previo informe de fiscalización pola Intervención municipal.

Contra o acordo que adopte a Comisión de Valoración cabe interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, ou pode ser impugnado directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de dous meses a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución.

### **Base 8. Prazos de execución e xustificación da subvención**

A data límite para executar e xustificar a subvención outorgada será o 30 de novembro de 2018.

A xustificación realizarase mediante a presentación, a través da sede electrónica do Concello, da documentación que se sinala a continuación:

- Memoria da realización do programa ou actividade.
- Relación dos gastos subvencionados (modelo anexo III).
- Facturas orixinais ou copias compulsadas, que deberán cumprir os seguintes requisitos:
  - Os conceptos expresados nos xustificantes de gasto deberán ser obrigatoriamente os que foron motivo de subvención.
  - A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.
  - A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.
- Xustificantes bancarios do pagamento das facturas. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 euros e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
- No caso de gastos de persoal, nóminas, xustificantes da cotización á Seguridade Social e xustificantes bancarios do seu pagamento.
- Certificado da conta bancaria en que se aboará a subvención.

Unha vez xustificada correctamente a subvención concedida, será aprobada pola Xunta de Goberno Local e procederase ao seu pagamento.

O pagamento da subvención farase mediante transferencia á conta bancaria indicada.

O importe que se aboará será a porcentaxe de subvención atribuída segundo a puntuación acadada e aplicada ao importe correctamente xustificado, que se deberá corresponder cos conceptos recollidos na solicitude inicial. Unicamente se admitirán incrementos nos conceptos iniciais que non superen o 50% do importe inicial.

### **Base 9. Control**

O Concello de Cedeira resérvase o dereito de realizar un seguimento das actividades subvencionadas, podendo esixir á entidade ou asociación unha explicación detallada e documentada dos gastos. Tamén poderá anular calquera subvención concedida cando, ao seu xuízo, exista incumprimento do estipulado nesta convocatoria.

### **Base 10. Regulación supletoria**

En todo o non previsto nas presentes bases, a concesión destas subvencións regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, o RD 887/2006, polo que se aproba o regulamento da mesma, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e as Bases de execución do orzamento do Concello de Cedeira.

As bases desta convocatoria entrarán en vigor coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

## **ANEXO I**

### **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS POR PARTE DE ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE ÁMBITO MUNICIPAL**

#### **1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

Nome e apelidos:



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

DNI/NIE:

Enderezo postal:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

Asociación ou entidade á que representa:

Enderezo postal para notificacións:

2. Outras subvencións solicitadas para o mesmo fin (indique concepto e importe solicitado).

### 3. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante.
- Fotocopia do CIF da entidade ou asociación.
- Proxecto do programa ou actividade que se vai realizar.
- Declaración responsable de non ter obrigas tributarias pendentes.
- Declaración responsable de non contravir a Lei 38/2003 xeral de subvencións nin a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
- Certificado de conta bancaria.

Lugar e data:

SINATURA

### ANEXO II

#### **DECLARACIÓN RESPONSABLE EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS POR PARTE DE ENTIDADES E ASOCIACIÓN DE ÁMBITO MUNICIPAL**

Nome e apelidos:

DNI/NIE:

Enderezo para notificacións:

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade ou asociación á que represento non incorre en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención, nomeadamente, nas establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
3. DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade ou asociación á que represento reúne as condicións para ser beneficiaria da subvención de acordo co previsto na base segunda desta convocatoria.
4. DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade ou asociación á que represento non ten obrigas tributarias pendentes co Concello de Cedeira, coa Administración da Facenda nin coa Seguridade Social.
5. ACEPTO as actuacións de comprobación e seguimento que poida levar a cabo o Concello.
6. AUTORIZO, para os efectos da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, ao Concello de Cedeira a incorporar estes datos, ou aqueloutros dos que tiver coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións que se deben realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese.
7. MANIFESTO o meu coñecemento de que os datos proporcionados poden resultar obrigatorios para a xestión do expediente e que a unidade tramitadora, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que son exactos e actuais.
8. COMPROMÉTOME a comunicar ao Concello de Cedeira, no menor prazo de tempo posible, calquera variación dos datos proporcionados co fin de proceder á súa actualización.



**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**  
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06  
C.I.F.: P-1502200-G

9. COÑEZO as responsabilidades legais que se poden derivar de incorrer en falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención, mais os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

Lugar e data:

SINATURA

### ANEXO III

#### RELACIÓN DE GASTOS SUBVENCIONABLES PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS POR PARTE DE ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE ÁMBITO MUNICIPAL

Nome e apelidos:

DNI/NIE:

Enderezo postal:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

Asociación ou entidade á que representa:

Enderezo postal para notificacións:

DECLARO RESPONSABLEMENTE que os gastos efectuados por esta entidade ou asociación, que serven de xustificación para a subvención concedida polo Concello de Cedeira, son os seguintes:

DATA	Nº FACTURA	PROVEDOR	CIF	CONCEPTO	IMPORTE

Lugar e data:

SINATURA